

PROBA ESCRITA
LINGUA GALEGA E LITERATURA (2ª AV. - I)
2º ESO – 26/02/2021

NOME E APELIDOS: _____

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os "americanos" xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o "americano", máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. ¡Ai!, o "americano" pasou de largo sen mirar para ningún, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballo que aquel era o seu pai. O rapaz devecíase por bicalo a faltar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! ¡Ai!, o "americano" pasou de largo e nin tan siquiera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

A. D. Rodríguez Castelao. Cousas. 1929.

1.

- a) Indica a que **xénero literario** pertence este texto e **cita os demais xéneros** que existen. [0,3]
- b) Fai un **resumo** do texto. [1]
- c) Sinala que tipo de **voz narradora** aparece no texto e **xustifica** por que. [0.5]

2. Procura no texto **5 verbos conxugados** e indica se están en **pasado, presente ou futuro**. [0,75]

3. Sinala se as seguintes oracións son **verdadeiras (V) ou falsas (F)**. Se son falsas, xustifica por que. [1,3]

- a) Unha entrevista é un xénero xornalístico de opinión.
- b) Os medios de comunicación de masas son aqueles que transmiten información a un número elevado de persoas
- c) O correo electrónico é un medio de comunicación.
- d) A televisión naceu no século XIX.
- e) *El Mundo* é un xornal de ámbito español.
- f) *Antena 3* é unha canle de televisión pública.
- g) Un podcast é un programa de radio que só se pode escoitar en directo.

4. Escribe as **letras do alfabeto galego** [0,5]:

5. Escríbelle unha **carta** a unha persoa coa que tes confianza (real ou inventada) seguindo a **estrutura** axeitada. Debe ter, cando menos, un total de **50 palabras**. [1,2]

6. Completa o seguinte texto sobre Rosalía de Castro: [1,4]

Rosalía de Castro naceu en _____ o día ____ do mes de _____ do ano _____. Casou con _____ e tiveron un total de _____ fillos/as. O seu libro máis coñecido é _____, que foi publicado o día _____ do mes de _____ do ano _____ e constitúe a obra máis representativa do rexurdimento galego. Outros poemarios escritos pola autora son _____ ou _____. Rosalía morreu en _____ no ano _____.

7. Escribe a palabra que lle corresponde a cada unha das seguintes definicións: [0,6]

- a) *Moble do dormitorio, cun colchón, onde se dorme:*
- b) *Conxunto de versos ou verso que, nalgúñas composicións poéticas, se repite despois de cada unha das estrofas:*
- c) *Non facer o que manda [unha lei, unha orde ou unha obrigaón establecida]:*
- d) *Profunda irritación do ánimo producida por algún suceso adverso:*

8. Puntúa axeitadamente estas oracións (de usar punto, debes escribir maiúscula despois): [0,9]

- Marta que é médica traballa na Coruña
- Onte comín patacas tomate con pan croquetas e un iogur
- Escóitame ben rapaz
- Ela pediu un café eu unha auga

9. Sinala cales son os diferentes elementos do acto comunicativo na seguinte situación: [0,75]

Gael dille a Andrea “bo día” ao vela na rúa

10. Escribe a forma correcta das seguintes formas verbais: [0,8]

- a) 1ª persoa do plural do pretérito de indicativo do verbo *cantar*:
- b) 2ª persoa do plural do presente de indicativo do verbo *correr*:
- c) 3ª persoa do singular do copretérito de indicativo do verbo *soñar*:
- d) 2ª persoa do singular do futuro de indicativo do verbo *amar*:

PREGUNTA-AGASALLO

(para subir un máximo de 0,2 puntos da nota)